

EMPRESA

A Xunta terá a última palabra á hora de excluír o polígono da Rede Natura P6

MELIDE

Dá comezo a expropiación de terreos para construír a autovía P12

COMARCA

Toques aspira a amortizar este ano a débeda contraída con Espina & Delfín

ENTREVISTA



Mar Fiuza,
Autos Mar
P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 121. Febreiro 2016. Distribución gratuíta

Mercamelide incorpora na súa XVII edición a repostería local

Conservando a esencia de sempre e incorporando novos atractivos, chega na fin de semana do 20 e 21 de febreiro o Mercamelide de inverno, que na súa 17ª edición seguirá sendo a mellor oportunidade para facer un negocio redondo en base a calidade e prezo reducido, as dúas características definitorias desta feira de saldos xa consolidada no almanaque comercial. As rosquillas de sartén serán as novas protagonistas. P3



O Circo di L'Anpa arrasa no concurso de Entroido



A Anpa do Colexio Nº 3 gana o primeiro premio na categoría de comparsas coa recreación dun circo italiano integrado por máis de cen persoas. P19

A Deputación garante que o museo abra todo o ano



O novo goberno da institución provincial incrementa as axudas ata os 30.000 euros e evita que o centro teña que pechar catro meses por falta de fondos. P11

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Autónomos precarios

Non é ouro todo o que reloce. A suposta recuperación económica que estamos a experimentar, na que a o emprego autónomo ten parte de responsabilidade cun notable incremento de afiliación durante os últimos dous anos, acaba de darse de bruços coa realidade: xaneiro rematou con 18.527 afiliados menos no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, o que supón que nun só mes se destruíu o 44% da afiliación recuperada durante todo o ano 2015.

A contundencia deste dato non só fai evidente que o contexto segue a ser difícil para este colectivo de profesionais e que hai unha fredda evidente do autoemprego, senón que tamén destapa a precariedade dos novos negocios, a inestabilidade e a elevada rotación, algo que calquera pode apreciar dando un paseo polas nosas vilas. Tamén deixa claro que existe unha grande dificultade para consolidar eses novos negocios e que unha vez que unha vez que pasan os meses de tarifas reducidas e bonificacións, a consolidación é unha tarefa do máis difícil.

Nisto teñen moito que ver as condicións adversas que soporta o traballador autónomo para poder desenvolver a súa actividade, que son especialmente onerosas no noso terri-



torio en comparación con boa parte dos países europeos.

Segundo un estudo publicado pola prestixiosa revista Forbes, Francia é o mellor país para ser autónomo. Entre os motivos está o feito de que as cotas dependen da profesión que se teña e das ganancias que presente o traballador. Os autónomos franceses non pagan nada o primeiro ano de actividade e con esa alta os traballadores teñen dereito gratuito á asistencia sanitaria, xubilación, incapacidade temporal e pensións de viuvez e invalidez.

Tamén Reino Unido e Italia condicionan o pago das cotas aos ingresos obtidos. Pola contra, o autónomo español ten que pagar dende o primeiro día de actividade unha cota men-

sual de 265 euros á Seguridade Social, independentemente dos seus ingresos e sempre que se acolla á base mínima de cotización (884 euros), na que cotizan o 86%. Debe facer fronte ademais ás declaracións trimestrais de IVE e IRPF, cuxas cantidades variarán en función da facturación e do tramo de cotización.

Datos e realidade demostran que se fan necesarios cambios na regulación do sistema que posibiliten acomodar as cotizacións dotándoas de maior flexibilidade, reducir a carga financeira e a presión fiscal e mellorar o acceso ao financiamento; cuestións básicas para que o sector dos autónomos poida seguir sendo un motor de crecemento.

Tribuna de opinión

O fin dunha anomalía

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O ano 2016 trouxo consigo unha moi boa nova para Melide: o fin da precariedade para o activo cultural máis importante da vila; o museo. O novo goberno da Deputación, en base á "alta valoración" que ten dos servizos prestados pola galería melidense, decidiu incrementar ata os 30.000 euros a axuda económica que fora reducida nos dous anos anteriores. Isto evitará que o museo teña que pechar as súas portas durante catro meses.

Que faltase apoio institucional nos últimos tempos para unha entidade coma esta é unha anomalía difícilmente comprensible. Xa non só polos 40 anos de servizo público que está a piques de cumprir, nin polo inmenso traballo de es-

tudo e conservación do noso patrimonio, senón tamén polo forte apoio social que ten e, sobre todo, polas prestacións que ofrece máis alá do ámbito puramente museístico: non hai en Melide outra oficina de turismo nin hai tampouco mellor punto de referencia para os peregrinos.

O financiamento podería facer que se ampliase este proxecto coa apertura dun museo sacro na capela de Santo Antón e outro máis nas casas da Praza das Coles. Melide tería entón un conxunto museístico de referencia que sería tamén un privilexio para unha vila das súas características. Oxalá o apoio institucional, que neste caso é un acto de xustiza, o faga posible.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
 Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
 Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓN: Minia Varela, Xavier Pazo, Xosé Núñez
AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Sandra Vázquez
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Gastronomía local e grandes rebaixas no XVII Mercamelide



Convidadas de luxo

Máis alá das ofertas, dos grandes descontos e das gangas, a XVII edición do Mercamelide terá tamén outras protagonistas: as rosquillas de sartén, que asoman por primeira vez á feira de saldos e que poderán degustar de xeito gratuito os asistentes acompañadas dun vaso de chocolate quente.

Este doce propiamente melidao, típico da época de Entroido, substituirá ás filloas da máquina de Lestedo, que veu participando nas últimas edicións. A organización, en colaboración coa Asociación de Repostería Tradicional *Melide Terra Doce*, decidiu facerlle un oco ás rosquillas de sartén para apostar polo produto local e ao mesmo tempo para darlles visibilidade e intentar recuperalas xa que, a diferenza do

rico, do melindre e do amendoado, foron perdendo presenza nas sobremesas.

As rosquillas de sartén poñerán o complemento gastronómico no Mercamelide e as actividades infantís programadas para o sábado pola tarde, o contrapunto de ocio. A isto haille que sumar a propia área de xogos do Pazo de Congressos, que estará dispoñible para o seu uso.

Os nenos e nenas tamén serán protagonistas, pois o sábado ás 19:00 farase a entrega de agasallos a todos os escolares que participaron no concurso *O comercio da túa vila*, organizado por Asetem durante as vacacións de Nadal en colaboración coas ANPAs dos tres colexios de Melide para dar a coñecer o comercio local.

Un clásico: calidade e variedade a prezo reducido

Conservando a esencia de sempre e incorporando novos atractivos, chega na fin de semana do 20 e 21 de febreiro o Mercamelide de inverno, que na súa 17ª edición seguirá sendo a mellor oportunidade para facer un negocio redondo en base a calidade e prezo reducido, as dúas características definitorias desta feira de saldos xa consolidada no almanaque comercial e distintiva do comercio melidense.

Organizada polo Concello de Melide en colaboración con Asetem, a cita fará que durante dous días o Pazo de Congressos e Exposicións se

converta nun outlet baixo teito, nun centro comercial das rebaixas e das ofertas, xa non só pola variedade de artigos a baixo prezo que se poden atopar, senón tamén pola oferta de ocio complementario e polo amplo horario de apertura (de 11:00 a 20:00).

Máis mercancía

Nesta edición estarán presentes 25 comercios da vila, unha cifra lixeiramente inferior á trintena que participa habitualmente pero que para nada afectará á variedade de produtos que se poñerán á venda. Máis ben ao contrario, xa que

unha das novidades do XVII Mercamelide é que por primeira vez aqueles negocios que así o solicitaron poderán dispor do dobre de metros no seu stand, o que se traducirá nun maior volume de mercancía.

Por outra banda seguirán estando representados todo tipo de sectores comerciais: ademais da roupa e do calzado, a clientela tamén poderá mercar mobles, electrodomésticos, froita e mesmo maquinaria industrial.

Sorteo de 500 euros


Comprar no Mercamelide ten premio, e nada desprezable.



As rosquillas de sartén serán protagonistas nesta edición

Cincocentos euros poderá levar a persoa afortunada no sorteo que se celebrará o domingo ás 19:30 horas entre todos os consumidores que

realizasen algunha compra. Ademais, haberá outros tres sorteos de contías menores: o sábado ás 13:30 e ás 19:30 e o domingo ás 13:30.



PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas

- Fotos antigas do Catastro de Melide e Toques
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Asetem finaliza a campaña de Nadal coa entrega de 4.000 € en premios

Os 2.000 € do premio gordo viaxaron ata a Agolada
Non apareceu titular nin reserva para un dos galardóns

Son moitas as fases polas que atravesamos a campaña de Nadal que dende 1999 organiza Asetem para dinamizar o comercio melidense, pero non hai dúbida de que a máis gratificante de todas elas, tanto para clientes como para comerciantes, é a entrega de premios coa que se lle pon punto e final a esta iniciativa logo de máis dun mes repartindo rifas entre os consumidores.

Ese momento especial produciuse a principios deste mes de febreiro na sede de Asetem, que decidiu substituír a tradicional gala de entrega de premios por un acto máis discreto trala modificación das bases da campaña realizada este ano, que aumentou a contía dos galardóns pero reduciunos de vinte e dous a cinco.

Xa que logo, presentábase difícil para os 83 comerciantes que participaron na campaña entregar algún dos premios. Malia o complexo do asunto, Pescados Manolo repartiu sorte por partida dobre e da súa peixería da rúa Os Garceiras saíron dous premios e 3.000 euros, que caeron ademais en números próximos: o 47.788 e o 47.770.

Tampouco estaban moi distantes as consumidoras afortunadas; dúas veciñas da Agolada e clientas habituais de Pescados Manolo: Gumersinda Mejuto resultou premiada cos 2.000 euros do premio gordo e Eva Carreira obtivo 1.000. “Aínda tardei en dar-me de conta que os ganara, tivéronme que avisar para que mirara os números”, confesou tras recibir de man de Manuel Pumar os vales para consumir no comercio local. Ademais destes dous galardóns, entregouse un máis de 1.000 euros. Neste caso o afortunado foi Jorge Lama, veciño de Melide, que se fixo co premio grazas a unha papeleta repartida por Peritos Melide. Aínda restaba un premio máis de 1.000 euros que quedou deserto ao non apareceren nin o posuidor do número titular, distribuído por



Mercedes Vázquez (Pescados Manolo) e Gumersinda Mejuto



Manuel Pumar (Pescados Manolo) e Eva Carreira



Jorge Lama e Javier López (Peritos Melide)

Calzados Broz, nin o reserva, entregado por Tu Boutik.

Os tres premiados desta edición terán ata finais de mes

para consumir os seus vales: “vannos sobrar os días!”, asegurou con humor unha das premiadas.

FEAGA FALA DUN “XANEIRO NEGRO” PARA O SECTOR DOS AUTÓNOMOS

O mes de xaneiro finalizou con 18.527 asegurados menos no Réxime Especial de Traballadores Autónomos. Isto significa que en tan só un mes se destruíu o 44% do recuperado na afiliación de autónomos durante todo o ano 2015.

Galicia foi a cuarta comunidade con peor comportamento, ao perder o mes pasado 1.432 autónomos. Por sectores, e a nivel nacional, o do comercio é o que sae peor parado, tras rexistrar 5.133 baixas. Tamén perde afiliación de xeito destacado o sector da construción, con 4.635 autónomos menos. A hostalería, cunha caída de 2.705 profesionais, é outra das ramas afectadas.

Xaneiro negro

Á vista dos datos, a Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA) fala dun “xaneiro negro” e alerta de

que a baixada nas afiliacións é un síntoma de que a recuperación económica “non se está realizando sobre bases sólidas” e que a porcentaxe de autoemprego é “máis ficticio ca real”.

En opinión de Feaga, os malos datos do mes de xaneiro son a consecuencia “das medidas do mal chamado apoio ao emprendemento, que empuxaron a moita xente cara ao autoemprego sen estar preparada, só para rebaixar as estatísticas do INEM”. No caso do comercio, destacan que ademais da crise xeneralizada o sector “sofre as consecuencias dunha lexislación que non fai outra cousa que furgar na ferida da crise con políticas de liberalización absoluta de horarios, aperturas indiscriminadas, etc...”


Ante esta realidade Feaga pide “apoio a quen segue en activo, menor presión fiscal e acceso real a financiamento”.

OS TEMPOS DO GDR, PREVISIÓNS DE FUTURO

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Man-deo (GDR UTM) permanece paralizado dende o 31 de decembro, ao igual que a maioría dos existentes en Galicia, como consecuencia da finalización do Plan Leader 2007-2013. Abrirá de novo as súas portas no momento en que se publiquen no Diario Oficial de Galicia as bases que regulen o Plan Leader 2014-2020, algo que sucederá de xeito inminente. A partir dese día comezará a contar un prazo de 4 meses no que o GDR debe darlle forma a un plan estratéxico de futuro.

O primeiro dos pasos será abrir un proceso participativo no que se consultará con todos os axentes do territorio cales deben ser as prioridades e as iniciativas de desenvolvemento a levar a cabo no vindeiro período. A finalidade é consensuar un documento, que deberá ser entregado á Xunta para poder optar aos fondos do novo Leader, no que se inclúa un orzamento, un estudo socioeconómico e toda a estratexia, obxectivos e actuacións a desenvolver. Entregado dito documento, a administración autonómica dispón doutros catro meses para facer unha resolución e asignar fondos aos grupos de toda Galicia. Unha vez feita, o GDR deberá facer unha selección de persoal e abrir o período de solicitude de axudas.

Gas Natural chegará este verán ao casco urbano e ao polígono



Esquema do enganche de gas natural a unha vivenda convencional

As vivendas situadas nas rúas máis céntricas de Melide poderían dispoñer este mesmo verán do servizo de gas natural para calefacción, cociña e auga quente. Esas son as previsións que manexa a distribuidora Gas Natural Galicia, que presentou o pasado día 11 na Casa da Cultura o seu proxecto para Melide ante máis dun cento de veciños e veciñas.

Segundo explicou Rafael Garea, responsable da área de desenvolvemento de infraestruturas en novas poboacións, a compañía está á espera de que a Xunta de Galicia lle conceda permiso para cruzar o Camiño de Santiago coa rede de distribución: “va a tardar mucho pero empezaremos antes las obras en el casco urbano”, asegurou. Por outra banda, tamén agardan pola autorización do Concello de Melide para a instalación de tubaxes nas contornas dos ríos Grande e Furelos. O paso sobre os cauces fluviais resolverase mediante tubaxes de aceiro suspendidas no lateral da ponte da antiga

N-657 sobre o Furelos e na ponte da estrada da Rúa Martagona sobre o río Grande.

O proxecto de Gas Natural Galicia para Melide terá un investimento de 1,3 millóns de euros e prevé chegar ao 80% dos fogares do municipio. Na súa fase inicial o subministro comezará polo polígono industrial da Madanela e por 15 vías do casco urbano: as avenidas da Coruña, de América, de Lugo e de Toques e Friol, o Cantón de San Roque, a Ronda de Pontevedra e as rúas Emilia Pardo Bazán, Galicia, Codeseira, Martín Freire, Progreso, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Antón Fraguas e Amador Rodríguez.

Con Melide serán 71 os municipios galegos nos que estará implantado Gas Natural Galicia a finais de 2016. A distribuidora de Gas Natural Fenosa na comunidade chega xa ao 60% da poboación galega e ten 2.814 km de tubaxes no noso territorio. En Melide a rede de distribución terá unha lonxitude duns 20 quilómetros.

Melide será o referente galego da calor urbana con biomasa



Responsables do proxecto organizaron unha charla en Asetem

Responsables da empresa Medancli Enerxía presentaron ante os socios e socias de Asetem o seu proxecto para instalar en Melide unha rede urbana de calor con biomasa que convertería a vila nun referente, pois sería a primeira de toda Galicia na que funcionase este sistema de abastecemento de calefacción e auga quente a partir da combustión de materia orgánica.

Un dos aspectos que destacaron dende Medancli Enerxía foi o do aforro que suporía a rede de calor para o usuario final, que gastaría na actualidade un 15% menos con respecto aos sistemas convencionais e ata un 45% en caso de que o petróleo chegue a recuperar os prezos de hai un par de anos. Isto explícase pola estabilidade no prezo da biomasa e pola súa abundancia en Galicia. Precisamente a ubicación céntrica de Melide e a importante actividade forestal da zona foi un dos motivos que levou a Medancli Enerxía a escoller o municipio para

desenvolver o proxecto. Iso xunto co apoio do goberno local, que ve na rede de calor unha oportunidade para crear postos de traballo directos e indirectos.

De saír adiante a rede de calor dará servizo a unhas 1.200 vivendas, aínda que nunha primeira fase acoutaríase o ámbito e investiríanse 2,2 millóns de euros do custo total de 4 millóns que tería o proxecto, subvencionado pola Xunta de Galicia. Para a súa entrada en funcionamento construíriase unha sala de caldeiras a carón do instituto onde se queimarian unhas 48 toneladas de materia orgánica á semana e despregaríase unha tubaxe pola que circularía o vapor ata os edificios e vivendas, nas que habería que instalar adaptadores. Non terían custo ningún para o usuario como tampouco habería que pagar os dereitos de acometida.

Tras realizar unha recollida de firmas e presentalas na Xunta, Medancli agarda comezar cos traballos en maio e rematalos en novembro.

Anúnciate no

Cerne

981 50 61 88

IMPRENTA

eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Medio Ambiente inhíbese no proceso para sacar o polígono da Rede Natura



Vista parcial do Polígono da Madanela dende a estrada N-547, sentido Lugo

O Ministerio de Medio Ambiente elude realizar calquera tipo de intervención no proceso para excluír o polígono industrial de Melide da Rede Natura 2000 e bota a pelota enriba do tellado da Xunta de Galicia, que terá a última palabra á hora de descatalogar os terreos da Madanela.

En resposta á solicitude realizada pola asociación de empresarios comarcal (Asetem) para iniciar o proceso de descatalogación, a Dirección General de Medio Natural argumenta que é a administración autonómica “la competente en esta materia” e recorda que foi a propia Xunta quen no seu día lle propuxo á Unión Europea o catálogo de zonas que deberían ser protexidas.

En concreto, o Ministerio apunta á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, departamento ao que xa remitiu as demandas formuladas por Asetem “a los efectos de realizar las gestiones necesarias de cara a evaluar la posible exclusión del polígono industrial”.

A ampliación é posible

Na misiva enviada á patronal, o Ministerio de Medio Ambiente realiza unha serie de consideracións en base á normativa vixente das que se deduce que o cambio de catalogación dos terreos, de cara a ampliar nun futuro o polígono, é un obxectivo alcanzable.

De feito, partindo da Directiva de Hábitats, destaca que na súa xestión a Rede Natura “ha de tener en cuenta las exigencias económicas, sociales y culturales” e engade que “en si misma no implica limitaciones de uso ni de desarrollo económico e industrial”, aínda que isto debe estar supeditado “a una conservación favorable de los elementos naturales”.

Por outra banda, puntualiza que o desenvolvemento de calquera programa ou proxecto que afecte “de forma apreciable” aos lugares protexidos “ha de someterse a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar”, tal e como está establecido na Ley del Patrimonio Natural y Biodiversidad.

O comercio deixa atrás os peores anos da crise

O comercio minorista pechou unha boa campaña de Nadal cun crecemento nas vendas do 3,2% no mes de decembro, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística. Xa en decembro de 2014 as vendas medraban un 5,3%, polo que se pechou así o primeiro ano de crecemento sostido no comercio. A mellora foi acompañada dun crecemento do 1,1% na creación de emprego. Por subsectores, o de equipamentos para o fogar foi o que máis medrou, cun incremento do 5,2% nas vendas. Dende a Confederación Española de Comercio demandan “estabilidad política e social” para consolidar a reactivación do consumo.

RADIOGRAFÍA DO SECTOR EMPRESARIAL DA COMARCA (II)

Nesta segunda radiografía do sector empresarial da comarca facemos un debuxo a través dos datos de paro dos últimos oito anos da capacidade de resistencia que tiveron os diferentes sectores económicos ante a crise e dos niveis de destrución de emprego nos tempos máis difíciles.

EVOLUCIÓN DO PARO NOS CATRO CONCELLOS DA TERRA DE MELIDE								
ANO	MELIDE		TOQUES		SANTISO		SOBRADO	
	Taxa	Parados	Taxa	Parados	Taxa	Parados	Taxa	Parados
2015	18,51 %	587	17,48 %	90	16,23 %	109	12,32 %	92
2014	20,28 %	640	18,73 %	96	17,95 %	120	13,58 %	101
2013	23,03 %	690	20,61 %	108	20,06 %	139	14,92 %	114
2012	24,74 %	773	21,70 %	117	19,12 %	137	15,04 %	116
2011	19,49 %	651	19,42 %	109	17,52 %	131	13,98 %	112
2010	18,52 %	622	18,56 %	107	13,97 %	106	12,28 %	101
2009	16,90 %	571	14,20 %	83	15,16 %	119	11,89 %	100
2008	14,20 %	481	11,99 %	70	11,28 %	91	10,86 %	93

Os datos da evolución do paro nos concellos da Terra de Melide reflicten que Sobrado foi o municipio que mellor resistiu o envite da crise, cunha taxa máxima de paro do 15% nos últimos oito anos e apenas 5 puntos de variación con respecto aos anos de bonanza. Con cifras algo peores pero cun comportamento semellante están Santiso e Toques, o que permite concluir que os efectos da contracción económica foron menores nos ámbitos rurais. Pola contra Melide, cunha economía máis baseada no comercio e na hostalería, presenta índices de paro superiores ao 24% nos peores anos e máis na liña da media galega e española. A día de hoxe Galicia ten unha taxa de paro do 17,7%. Só Melide está por enriba, cun 18,5%.

Roval

J O Y E R Í A



*Colección Alianzas
2016*



*Máis de 30 anos conseguindo
a confianza dos nosos clientes !!*

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Sabías que...?

O primeiro reloxo de pulseira automático data de 1812, e foi fabricado para a irmá de Napoleón. Os de cabaleiro foron un pouco posteriores, e a orixe remóntase ao Santos-Cartier, realizado por Louis Cartier para o piloto Alberto Santos-Dumont.

Tfno.: 981 50 54 31 • joseroval@mundo-r.com • Rúa Alexandre Bóveda, 12 • 15800 MELIDE (A Coruña)

Plagostel
N.R.S. (B177-GAL-GPO)
calidad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
986 118 714

HOTELES
ALBERGUES
CASAS RURALES
GIMNASIOS
BALNEARIOS
...

¿Necesitas cumplir con el Real Decreto 865/2003 por el cual se establecen criterios higiénico-sanitarios para la prevención y control de la Legionelosis?



AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso

C. 1678

Miguel Fernández López

C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º

Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004

MELIDE

Rede Urbana de Calor "Camiño de Santiago"



¡¡ Auga quente por un tubo!!

- ❑ Dispoñerá de calefacción e auga quente na súa casa *por un tubo*.
- ❑ Sí..., por un tubo *que virá pola rua* e que lle levará a auga quente desde unha sala de caldeiras central.
- ❑ Un novo servizo que *lle permitirá disfrutar de calefacción sin ter a caldeira na casa*.
- ❑ Que lle fará *aforrar ata un 15%* no seu gasto da calefacción.
- ❑ Porque usamos *o combustible galego: a biomasa*, feita de anacos de madeira e estelas que proveñen da limpeza dos seus montes veciñais.
- ❑ O aproveitamento da biomasa *permitirá crear riqueza e postos de traballo na súa vila*.

medancli  **energía**

**Infórmese no
teléfono
981 975040 ou no
Concello**

¿Qué é unha Rede Urbana de Calor?

É unha **rede de distribución de enerxía** que, en forma de auga quente, discorre por unhas tubaxes soterradas pola rúa pública e **proporciona calefacción e ACS** a tódolos edificios e vivendas que se enganchen a ela.

Está composta por:

❑ Central de produción

Constrúese unha única sala de caldeiras para tódalas casas e edificios do pobo. Nela prodúcese auga quente mediante o aproveitamento da biomasa.

❑ Rede de distribución

A enerxía, en forma de auga quente, envíase ata os edificios por medio dunhas **tubaxes soterradas pola vía pública**. As tubaxes levan un recubrimento especial para non perder calor.

❑ Conexión aos usuarios

As tubaxes chegan aos edificios e **conéctanse a unha subestación de intercambio térmico**. Esta subestación permite quentar a auga da calefacción de cada vivenda e proporciona tamén a auga quente sanitaria.

❑ Instalación interior

Son **as instalacións de calefacción e auga quente da vivenda** a través das cales distribúese a enerxía recibida polas subestacións de intercambio.

**- PROXECTO AUTORIZADO E APOIADO
POLO CONCELLO DE MELIDE**

**- A REDE DE CALOR PODERÁ ESTAR
FUNCIONANDO EN NOVEMBRO**



2º CAMPEONATO DE TUTE

COMISIÓN DE FESTAS DE SANTA MARÍA - MELIDE

Inscripción: **50€ parella.**
Teléfonos de inscrición:
687 796 751 - 617 178 546 - 687 013 039

PREMIOS

1º.: 1000€ +trofeos	2º.: 500€ +trofeos	3º.: 250€ +trofeos
----------------------------------	---------------------------------	---------------------------------

PREMIOS REPESCA

1º.: 2 XAMÓNS +trofeos	2º.: 2 CAIXAS VIÑO +trofeos
-------------------------------------	--

CEA GRATIS PARA OS PARTICIPANTES

sábado 27 de febreiro de 2016
Hora de comenzo: **5 da tarde.**
Pazo de Congresos de Melide

Mínimo de participantes: 64 parellas. Si o número de participantes non alcanza o mínimo de parellas os premios calcularanse proporcionalmente aos participantes.

Organiza: **COMISIÓN DE FESTAS DE SANTA MARÍA DE MELIDE 2016**

Colaboran: **CONCELLO DE MELIDE**

Espectáculos
ANGEL SEOANE
MELIDE - MONTEROSO • Tfno. móbil: 617 38 48 60



**HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE** ★★



VILARIÑO (SAMBREIXO) - PALAS DE REI - LUGO

TELF: 982 153 232 / 982 374 135
679 035 713 / 679 035 714

E-mail: info@balnearioriopambre.com
web: www.balnearioriopambre.com

Pazo Eidián

El Pazo de Eidián les ofrece sus instalaciones para realizar todo tipo de eventos, desde un cocido para grupos, primeras comuniones, comidas familiares, bodas, etc...

Llámenos al **618 39 25 71**
y le daremos un presupuesto adaptado

Te ofrecemos el mayor número de actividades que encontrarás en un entorno rural:

- Piscina
- Pista de pádel
- Multipista deportiva (baloncesto, fútbol, tenis...)
- Campo de petanca y bolos
- Sala de juegos con mesa de billar
- Merenderos
- Salones con televisión
- Cafetería, comedor, lareira, hórreo, parra...

Lugar de Eidián, 5 - Agolada (Pontevedra)
www.pazoeidian.com info@pazoeidian.com



Chiquitín

A parada no teu Camiño

Campionato de tute



Campións



Subcampións



3º posto

* Almorzos

* Menú do día

* Especialidade en pulpo e carnes galegas

* Habitacións

* Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560

Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE

www.chiquitinmelide.es

info@chiquitinmelide.es



Floristería Maru

Mellor con flores

Rúa do Convento, nº 9 - MELIDE
Tlfs.: 981 507 580 - 607 507 579
info@floristeriamaru.com



- Produtor de toda clase de flores
- Preparamos:
Ramos de noiva, coroas, ramos, palmas, centros, etc..
- Estamos ao seu servizo en:
R/ Amador Rodríguez, 7
Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
666 49 38 49 / 666 49 38 50

Floristería Tarrío

MELIDE



20 e 21 de febreiro

VISÍTANOS EN MERCAMELIDE

MIS MEJORES LABORES

Tlf.: 657 435 699
Avenida de América, 3 MELIDE



floristas
strelitzia

Tfnos.: 881 819 101
699 100 294 (Esther)
696 372 032 (Cristina)

Cantón de San Roque, 46
15800 MELIDE (A Coruña)
strelitziafloristas@hotmail.com

O apoio da Deputación permitirá que o museo volva abrir todo o ano

O Museo da Terra de Melide abrirá de novo as súas portas os 12 meses do ano. Será grazas á sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación da Coruña que lle permitirá prestar de forma ininterrompida o servizo de información museística, turística e tamén a peregrinos.

O novo goberno da administración provincial (PSOE-BNG), a única que apoia o museo, decidiu incrementar ata os 30.000 euros a achega económica logo da rebaixa de 10.000 euros aplicada polo anterior goberno popular que abocou á galería a ter que pechar catro meses ao ano por falta de capital suficiente.

A maiores o museo poderá acceder a outros fondos a través da liñas de axudas para centros de información turística municipal e para patrimonio que habilitará a Deputación, tal e como explicou o deputado nacionalista



Xosé Manuel Broz, Xosé Igrexas e Xosé Regueira

responsable de Cultura, Xosé Regueira, nunha visita que fixo ao museo acompañado polo voceiro do BNG en Melide e polo director do centro, Xosé Manuel Broz, quen indicou que coa recuperación da axuda “se fai xustiza despois de case 40 anos de servizo público”. Broz engadiu que “todo o que facemos é gratuito, un

labor da sociedade” e sinalou que “agora o que fai falta é a expansión, porque Melide pode ser outra cousa e pode ter máis centros abertos”.

Pola súa banda, Xosé Regueira manifestou que a achega da Deputación “é mínima en comparación co servizo que este museo lle está prestando ao territorio”.

O PSOE pedirá un informe sobre a rede de saneamento



Sumidoiros en Sta. María, ao pé do Camiño, expulsando residuos

Os socialistas de Melide solicitaranlle ao goberno local que elabore un informe “completo” do sistema de saneamento no que se recollan os problemas da rede e as posibles solucións aos vertidos de augas fecais que teñen lugar en distintos puntos da vila cando chove con abundancia. O último episodio produciuse este mesmo mes de febreiro e tivo o seu foco máis visible na estación de bombeo situada preto do instituto. O PSOE cualifica de “intolerable que se teñan que pisar residuos fecais ata nunha zona escolar” e recordan que en decembro de 2014 xa se produciu unha situación semellante. Entón, aseguran, a Xunta concluíu que era consecuencia “dun mal mantemento do sistema de bombeo”. É por iso que instan á alcaldesa, Dalia García, a “asumir a responsabilidade e buscar solucións definitivas”.

Bonificación do 95% no ICIO para construír o centro de saúde

O Concello de Melide aplicará unha bonificación do 95% no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) á hora de construír o novo centro de saúde. Con esta medida preténdese “facilitar” a posta en marcha do novo ambulatorio proxeitado pola Xunta, segundo explicou o goberno local, que contou co apoio da oposición para modificar a ordenanza que regula dito tributo. Deste xeito, ás bonificacións xa existentes para incentivar o establecemento de empresas en solo industrial, engadiuse outra “para a construción ou rehabilitación de instalacións destinadas ao uso sanitario”.

Ao respecto disto, e logo de dar o seu voto favorable, o voceiro do PSOE, José Antonio Prado, manifestou o seu desexo de que a bonificación no ICIO “sirva polo menos para colocar a

primeira pedra, aínda que non vai ser o empuñón definitivo”.

Factura da electricidade
Á marxe das bonificacións tributarias, o executivo local continúa coa súa política de aforro enerxético e estuda substituír arredor de 1.000 puntos de luz por outros con menor consumo. Para iso solicitaría un financiamento de 300.000 euros ao Instituto Para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) cun tipo de interese cero e un prazo máximo de 10 anos exento de comisións. A amortización faríase co aforo conseguido na factura eléctrica, que segundo estimacións podería ser superior ao 30%.

Por outra banda, e cun “pequeno investimento” en enerxía reactiva, o goberno cre que se poderían aforar outros 15.000 € anuais.

O Concello fará cambios na zona verde do parque Rosalía de Castro

A zona arborada do parque Rosalía de Castro, situado a carón do Edificio Multiusos, será obxecto dunha remodelación a medio prazo para “evitar os prexuízos que lle está a crear aos veciños”.

Anunciouno a alcaldesa, Dalia García, ao fío dunha proposta formulada polo grupo municipal socialista para aproveitar o espazo infrautilizado que hai xunta as pistas polideportivas e crear alí un espazo de xogos tradicionais. “Dámonos por informados pero nós temos outros puntos de vista en canto ao aproveitamento do parque”, explicou a rexedora, quen definiu como “unha necesidade” a reorganización da área arborada.

Sen avanzar medidas concretas, Dalia García asegurou que o goberno local “está a traballar niso” e aludiu á presenza de bandadas de estornións na primavera e no verán e ás deposicións dos cans como principais problemá-



O concello estuda cambios e novos usos na área arborada

ticas xeradas pola zona verde do parque. De feito, estas dúas circunstancias fan que sexa practicamente imposible utilizar este espazo para calquera actividade durante a maior parte do ano.

O voceiro do PSOE melidense, José Antonio Prado, amosouse partidario de facer modificacións pero pediulle ao executivo municipal que antes

de realizar calquera cambio lle dea voz aos colectivos sociais. Pola súa parte o BNG apoiou a idea de incluír un espazo para os xogos tradicionais: “apoiamos todas as iniciativas relacionadas coa cultura e co deporte”, dixo o concelleiro Xosé Igrexas, que aludiu á necesidade de darlle o máximo contido posible un parque “con moita afluencia de xente”.

Dá comezo a expropiación de terreos para construír a autovía por Melide

A autovía ao seu paso por Melide colle un novo impulso co levantamento de actas para ocupar os terreos polos que transcorrerá o tramo entre Arzúa e o campo de fútbol municipal. Deu comezo o 15 de febreiro no salón de plenos do Concello, polo que pasaron ao longo de catro días os preto de 200 propietarios de fincas afectadas, todas elas nas parroquias de Campos e San Cosme.

A través deste levantamento de actas, que supón de facto o primeiro paso no proceso de expropiación, os técnicos do Ministerio de Fomento acreditaron que os propietarios das parcelas afectadas son os donos reais. En caso de haber conformidade, os titulares puideron achegar xa nese momento un número de conta no que recibirán un ingreso bancario en concepto de anticipo pola expropiación. Non obstante, esta cantidade non garda relación co prezo por metro cadrado que finalmente



Preto de 90 persoas asistiron á reunión informativa

se lles aboará. O montante final dependerá dunha valoración individual de cada finca que fará Fomento, que se lle comunicará aos titulares por carta e contra a que se poderá alegar nunha fase posterior.

Sobre estas e outras cuestións relacionadas co levantamento de actas deu cumprida información o Concello de Melide no transcurso dunha

charla na que a alcaldesa, Dalia García, e un técnico municipal resolveron as dúbidas dos preto de 90 propietarios afectados que participaron na reunión.

No mes de abril, segundo estimacións do goberno local, farase o levantamento de actas para as parcelas afectadas pola construción do tramo Melide Sur - Palas de Rei.

Protección Civil recibe un remolque con motobomba para emerxencias

Protección Civil de Melide completou recentemente a súa dotación de equipamento cun remolque destinado ás emerxencias que conta con electrobombas somerxibles, motobombas para augas residuais, xerador de electricidade portátil de gasolina, motoserras, rozadoras de 3 CV, torre de iluminación e un kit de balizamento e sinalización. A achega foi realizada pola Consellería de Vicepresidencia e permitirá mellorar a eficacia das actuacións nas prevencións de riscos e nas emerxencias.

No ano 2015 a agrupación de Melide realizou un total de 132 intervencións: 24 en accidentes de tráfico con feridos, 6 excarceracións, 8 atropelos, 3 accidentes laborais, 12 apoios ao helicóptero, 3 buscas de persoas desaparecidas, 5 incendios urbanos, 8 incendios forestais e outras 63 intervencións menores como recollida de cans ou apertura de vivendas.



Noite de estrelas no instituto

O departamento de grego, física e matemáticas do instituto de Melide organizou o pasado día 15 unha sesión de observación de estrelas en colaboración co Observatorio Astronómico da Universidade de Santiago dentro do seu programa *Todo-cosmos*. A actividade desenvolveuse nas inmediacións do centro e estivo aberta a toda a veciñanza. Comezou cunha breve exposición na biblioteca para pasar logo á observación, para o que se contou coa axuda de astrónomos profesionais e potentes telescopios. O Concello colaborou facendo unha apagada da iluminación pública da zona para permitir un mellor visionado.

Vicepresidencia seguirá apoiando a Melide con axudas a obras e servizos

A Xunta de Galicia manifesta o seu compromiso con Melide de cara a seguir financiando ao longo de 2016 a creación de infraestruturas e o mantemento de servizos que redunden en beneficios para os veciños.

Asegurouno durante unha visita ao municipio o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, quen a petición da alcaldesa, Dalia García, asumiu como primeiro compromiso darlle continuidade ao Grupo de Vixilancia Ambiental. Esta brigada, posta en marcha conxuntamente con Palas de Rei e composta por 12 efectivos, deixou de funcionar en novembro despois de traballar seis meses actuando tamén en situacións de emerxencia.

O Vicepresidente, acompañado tamén polo delegado territorial da Xunta na provincia, Diego Calvo, visitou a zona



Alfonso Rueda, Dalia García e Diego Calvo

infantil do Parque Rosalía de Castro, onde recentemente se renovou a área de xogos grazas a unha axuda do departamento que dirixe. Posteriormente desprazouse ata o polideportivo municipal, onde se instalou unha cuberta nova financiada a través da Orde de Infraestruturas.

Neste sentido o vicepresidente recordou que con esta orde de axudas a Xunta de Galicia apoia o financiamento de estruturas de uso público como instalacións deportivas, prazas, paseos, parques infantís ou dependencias municipais onde se presten servizos administrativos. "Son peque-

nos investimentos, non obras faraónicas, pero que teñen reflexo directo no día a día dos cidadáns e contribúen decisivamente á mellora da súa calidade de vida", indicou Alfonso Rueda.

Precisamente ás novas axudas da Orde de Infraestruturas ten previsto acollerse o Concello, segundo adiantou Dalia García, para cambiar a cuberta da casa consistorial, que filtra auga provocando humidades e goteiras en varios puntos das dependencias municipais.

Orzamento para 2016

Para a Orde de Infraestruturas a Xunta destinará este ano 5,3 millóns de euros, que irán dirixidos primordialmente a concellos de menos de 30.000 habitantes. Por outra banda ten tamén como eixo de financiamento o Fondo de Compensación Ambiental, dotado con 11 millóns de euros, dos cales 3 millóns irán destinados para os Grupos de Emerxencia Supramunicipal, comunmente coñecidos como GES.

Toques aspira a amortizar este ano toda a débeda con Espina & Delfín

O executivo de Toques intentará liquidar por completo este ano a débeda contraída polo Concello coa compañía subministradora de auga Espina y Delfín, que ascende a día de hoxe a 85.000 euros.

Dita cantidade correspóndese exactamente coa partida que o executivo local decidiu detraer do Plan de Obras e Servizos da Deputación (POS 2016) co obxectivo de poñer o contador a cero e evitar así unhas condicións de amortización “abusivas”, segundo coinciden en cualificar todos os grupos políticos da corporación.

27% de sobrecusto

A débeda con Espina y Delfín, que chegou a sumar preto de 100.000 euros, orixinouse pola acumulación de facturas impagadas durante varios anos de principios da década pasada. Na actualidade esa débeda estase a amortizar a través das facturas de submi-

nistro, tal e como se establece no contrato de concesión. Iso implica que, ao 6% de intereses, se lle sume o 21% do IVE, un lastre excesivo para as contas municipais.

O PP critica que os cartos se quiten do POS e avisa do risco de parálise para o Concello

Legalidade en cuestión

O problema é que dita débeda está sen incorporar á contabilidade municipal e iso xera dúbidas sobre a legalidade do pagamento que quere realizar o bipartito toquense, un aspecto sobre o que incidiu no último pleno o Partido Popular: “teredes que xustificar ante a Deputación que ides pagar cos cartos do POS unha débeda non recoñecida na

contabilidade”, sinalou a concelleira da oposición Mónica Penas. Sobre este aspecto o secretario-interventor do Concello asegurou que non autorizará o pagamento se non dispón dun informe favorable emitido polo servizo de asesoría xurídica da Deputación.

“Paralizar o Concello”

Non obstante, as principais críticas do PP centráronse na procedencia dos cartos cos que se quere amortizar a débeda. Os populares recordaron que cando o BNG estaba na oposición esixía que se destinasen integramente os cartos do POS a investimentos “e agora sacádeslle 85.000 € para unha débeda que non se sabe se legalmente se vai poder pagar”, dixo José A. Castro, “visto a onde van o cartos, as pistas van quedar desfeitas cando empece o inverno”. A isto Mónica Penas engadiu que “destinar tal cantidade á débeda vai paralizar o Concello durante un ano”.

Santiso solidario reúne 70 kg de alimentos para 5 familias



Fina Vázquez, de Visantoña, premiada pola súa solidariedade

Fina Vázquez, veciña da parroquia de Visantoña, recibiu un premio pola súa solidariedade: unha noite para dúas persoas con almorzo incluído no Pazo de Amoeiro ou no de Vilar de Ferreiros. Ela foi a ganadora do sorteo que se realizou entre todas as persoas que colaboraron coa campaña de Nadal de *Santiso solidario*, unha iniciativa posta en marcha hai tres

anos dende o Concello para axudar ás familias con necesidades e que este ano logrou reunir uns 70 kg de alimentos que serán repartidos en cinco fogares do municipio. Aínda que nas datas de Nadal se fai un esforzo extra, a recollida de comida, roupa e xoguets realízase durante todo o ano, polo que a veciñanza pode seguir facendo as súas achegas.

Os troiteiros construírán un canal de alevinaxe e un refuxio de pescadores

As dúas estruturas estarán a carón do Furelos, ao seu paso por As Mazairas

O 2016 chega cargado de proxectos para a Asociación de Troiteiros Río Furelos, que contempla entre as súas principais actuacións a construción de dúas estruturas que mellorarán as condicións de pesca no río que lla dá nome ao colectivo. Trátase, en concreto, dun canal de alevinaxe e dun refuxio de pescadores, que se localizarán a pouco máis de 150 metros o un do outro na zona de As Mazairas, dentro do termo municipal de Toques.

A asociación iniciou xa os trámites necesarios para sacar adiante estas iniciativas e está á espera de obter os permisos pertinentes por parte de Augas de Galicia e do Concello de To-



A 150 metros do canal de alevinaxe construírse o refuxio

ques para comezar os traballos. Estes non serán, porén, os únicos proxectos que saquen adiante os troiteiros. Na axenda de 2016 figuran tamén a construción de dúas pasarelas: unha para salvar o canal do río Martagona e outra para salvar a do muíño da Ponte da Pedra. Ademais, tamén prevén recuperar a cabeceira

da balsa dos Frades e os pasais de Porto Cabanas.

Todas estas medidas, que perseguen “a mellora medioambiental” e o obxectivo de “recuperar o río para todos”, segundo indica Xavier Pazo, presidente do colectivo, foron presentadas no marco da XIII Asemblea Xeral da Asociación, celebrada o 29 de xaneiro.

Sobrado descarta un albergue no Camiño pero aspira a un congreso

O alcalde de Sobrado, Lissardo Santos, dá practicamente por descartado que a Xunta de Galicia constrúa no municipio o albergue público que ten previsto habilitar no treito intermedio do Camiño do Norte.

En resposta a preguntas formuladas polo Partido Popular na sesión plenaria de xaneiro e logo de telo “consultado” coa Dirección Xeral de Turismo, o rexedor asegurou que con toda probabilidade o albergue se fará no concello veciño de Friol porque “a Xunta entende que en Sobrado xa está a funcionar o mosteiro como albergue público”. Ao mesmo tempo o alcalde amosouse máis partidario de apostar por albergues privados e por pensións, un argumento que non convenceu ao voceiro dos populares, Jacobo Fernández: “O

importante é que a Xunta faga o investimento e logo xa se falará sobre a xestión, que podería ser privada”. Fernández reprochoulle a Santos non ter exercido presión suficiente para conseguir que o albergue se constrúa no municipio.

Un congreso no Camiño

Non que á ruta xacobea respecta, Sobrado aspira a acoller este ano un congreso sobre o Camiño do Norte que tería como obxectivo promocionar a nivel internacional tanto este itinerario como o propio concello. A tal efecto solicitouse unha subvención de 20.900 euros segundo recomendacións da Dirección Xeral de Turismo, que tamén apoiaría o evento. De momento, sinala o alcalde, “non hai nada confirmado nin sabemos se nos darán a axuda”.

A Xunta saca axudas para rehabilitar vivendas nos Camiños de Santiago

Poderán acollerse a elas todas as casas das parroquias polas que pase a ruta

As vivendas de 26 parroquias da Terra de Melide poderán acollerse ao longo deste ano á liña de axudas creada pola Xunta para rehabilitar casas e edificios situados na contorna dos Camiños de Santiago.

Cun orzamento total de 3,2 millóns de euros, o programa *Vivendas no Camiño* comprende “a execución de obras ou traballos de mantemento” e subvenciona ata un 35% do investimento realizado cun tope máximo de 11.000 euros por vivenda. No caso dos núcleos rurais poderán solicitar axudas os propietarios de todas as casas da parroquia pola que pase a ruta xacobeá. No caso dos núcleos urbanos, como Melide, só poderá facerse para



Peregrinos pasan a carón de casas semiabandonadas no Leboreiro

as vivendas emprazadas no trazado do Camiño.

Na comarca, por onde pasan os camiños Francés, do Norte e Primitivo, as parroquias incluídas nestas axudas son as que seguen. **En Melide:** Abeancos, Os Ánxeles, San Pedro de Melide, Furelos, Santa María, As Varelas, Campos, O Barreiro, O Leboreiro,

Meire, Vitiriz e Grobas. **En Toques:** A Capela, Mangoeiro, San Xulián do Monte, Oleiros, Villamor, Vilouriz e Brañas. **En Sobrado:** A Porta, Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Pousada e Roade.

No conxunto de Galicia o programa de axudas Vivendas no Camiño inclúe 107 concellos e preto de 500 parroquias.

Toques estrea ordenanza para regular a limpeza de fincas

O Concello de Toques entrou no ano cunha nova ordenanza fiscal; a aprobada para regular a limpeza e o desbroce das fincas e solares urbanos do termo municipal. Segundo se recolle no seu propio desenvolvemento, a norma ten por obxectivo “establecer unhas condicións mínimas de limpeza dos terreos” para velar pola saúde pública e evitar o risco de incendios.

A ordenanza establece a obriga de manter as fincas “en adecuadas condicións” e fai especial fincapé naqueles terreos que se atopen a menos de 50 metros de calquera tipo de edificación, un caso no que os propietarios deberán “extremar a limpeza” das súas parcelas. Tamén presta atención aos solares que confinen con vías públicas, nos que haberá que “cortar todo tipo

de árbores, podar ramas e demais elementos que sobresaian a ditas vías” para “facilitar a correcta circulación dos vehículos”. Do mesmo xeito, co fin de evitar a aparición de vertedoiros incontrolados, a norma prohibe depositar lixo en parcelas públicas e privadas.

En caso de que os posuidores das fincas non cumpran coas súas obrigas, o Concello procederá realizar os traballos de limpeza precisos e cobrarllos ao propietario sen prexuízo das sancións que procedan, quen no máis grave dos casos poden alcanzar os 600 euros.

A ordenanza establece tamén o dereito de todo propietario a denunciar ante o Concello a actuación doutro cuxa negligencia cause dano ou prexuízo para a súa propiedade.

Os impostos non baixan

Pouco duraron as alegrías tributarias en Sobrado. O goberno local decidiu aprazar ata 2017 a baixada no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica aprobada no mes de setembro por unanimidade de todos os grupos políticos. “No Concello os números teñen que dar, e se eu baixo ese imposto este ano, non van dar”, argumentou o alcalde, Lisardo Santos, en resposta ás preguntas do PP, o promotor inicial da redución no imposto de circulación. O rexedor asegurou ter seguido os consellos do departamento de intervención e recordou que aínda que a proposta popular fora aprobada por unanimidade, non ten obriga de acatala.

Camiñar con seguridade

Axentes de Tráfico desprazáronse a Santiso o pasado día 18 para concienciar á veciñanza sobre a necesidade de camiñar con seguridade polas estradas para evitar así o risco de atropelos. Deron dúas charlas: unha no concello vello de Arcediago ás 11 da mañá e outra máis tarde, ás 12:30, no local social de Visantoña. Os asistentes recibiron cadanseu chaleco reflectante. Cada ano falecen en España máis de 200 persoas por atropelos, unha problemática especialmente grave en Galicia polo elevado número de días con escasa luminosidade e a pola proliferación de núcleos habitados a carón das estradas.

Expropiacións da A-54

Santiso convocou a todos os veciños afectados pola construción da autovía Lugo-Santiago a unha reunión informativa para falar do proceso de expropiación de terreos e aclarar todas as dúbidas que existan ao respecto. A xuntanza realizouse o mércores 17 de febreiro no concello vello, onde un técnico municipal explicou os dereitos e obrigas que teñen os propietarios dos terreos. En pouco días, entre o 22 de febreiro e o 3 de marzo, dará comezo no municipio o levantamento de actas, paso previo ao inicio das expropiacións. As parroquias afectadas pola construción da A-54 son Pezobre, San Román, Liñares e Vimianzo.

Apoio ao ciclo de FP

A corporación de Sobrado acordou por unanimidade apoiar ao Instituto de Ensinanza Secundaria de Curtis na súa reivindicación dun ciclo de formación profesional especializado en atención a persoas dependentes. Esa foi a opción solicitada polo centro logo de terse reunido coa ANPA e de considerar tanto as necesidades da comarca como a distancia de centros que ofrecen o mesmo tipo de ensino. O máis próximo está en Arzúa. Paralelamente tamén se solicitou outro ciclo de transporte e mantemento de vehículos. Recentemente o instituto de Curtis perdeu o ciclo de electricidade que impartía por falta de matrícula.

Unha xoia natural agochada na parroquia de Cumbraos



O carballo de Portacal (Foto: arbolesdeg Galicia.blogspot.com)

O seu descubrimento non é nin moito menos recente, pero non por iso deixa de seguir sendo un gran descoñecido. O Carballo de Portacal, que recibe o seu nome da aldea na que se atopa, na parroquia de Cumbraos, en Sobrado dos Monxes está considerado o segundo máis antigo de Galicia, segundo a Sociedade Galega de Historia Nacional.

No ano 2008 foi incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e no que na actualidade figuran 147 exemplares e 31 formacións arbóreas. O carballo de Portacal foi incorporado por unanimidade do comité examinador, integrado por representantes da Xunta e varios expertos do ámbito universitario.

A canteira da patinaxe exhíbese en Toques nunha gala multitudinaria

O Concello de Toques acolleu con grande éxito o pasado 30 de xaneiro a segunda edición da Gala Intermunicipal de Patinaxe. Un total de 172 nenas e nenos participaron na exhibición representando ás escolas deportivas dos seus propios concellos: Boimorto, Cerceda, Curtis, Frades, Mesía, Oroso, Santiso e o propio Toques.

A gala durou aproximadamente dúas horas e, aínda que non se trataba dunha competición, rematou coa entrega de medallas e doces a todos os participantes “para que non marcharan de balde despois do espectáculo ofrecido”, comentan dende a organización. As mesmas fontes apuntan que o aspecto máis salientable da gala foi “o bo ambiente” logrado no interior do polideportivo de Souto, onde as coreografías, a música e os aplausos contribuíron a crear un evento “entretido, vistoso, formativo e construtivo”.



Adiantarán 2,6 millóns da recadación de impostos

A Deputación da Coruña adiantaralle este ano aos concellos da comarca que teñen delegada a recadación dos seus impostos municipais (Melide, Toques e Santiso) un total de 2,6 millóns de euros. Esta cifra supón 136.000 euros máis ca en exercicios anteriores, tras a decisión do actual goberno provincial de incrementar do 90% ao 95% o anticipo a conta que a Deputación lle realiza aos concellos en base á liquidación de impostos municipais como o de Bens Inmóveis (IBI), o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) o Imposto de Actividades Económicas (IAE) ou a taxa do lixo.

Os concellos disporán mensualmente do anticipo correspondente, evitando así ter que agardar a finais de ano para facer a liquidación. O primeiro destes anticipos xa foi realizado o 29 de xaneiro.

Para o presidente da Deputación, o socialista Valentín González Formoso, esta medida é de grande importancia para as economías municipais xa que “mellora de forma notable a liquidez de todos os concellos e as súas posibilidades de reducir o período medio de pago a provedores”.

No conxunto da provincia adiantaranse 6,5 millóns de euros máis ca en 2015.

Concello	95% Rec.	90% Rec.	Diferenza
Melide	2.078.957	1.969.538	109.419
Santiso	327.109	309.893	17.216
Toques	188.107	178.207	9.900

RACIÓNS E TAPAS

Propostas ricas e diferentes

Sorbete de amorado
Sobremesas con froitas naturais

Cocido

En febreiro, date unha homenaxe co cocido de Casa Alongos

SÁBADOS E DOMINGOS RESERVA A TÚA MESA!!

Camiño Vello de Santiago - MELIDE
Tfno.: 981 506 392 Móviles.: 619 229 334 / 686 312 851
www.casaalongos.com - info@casaalongos.com

1.- CODIDO COMPLETO con caldo ou sopa de cocido & pan & viño & postre & café & chupito.....18
(SÁBADOS E DOMINGOS)

2.- CROQUETAS DE BACALLAU OU COCIDO.....4,5

3.- HAMBURGUESA DE PULPO "CASA ALONGOS".....4,25

4.- HAMBURGUESA GOURMET DE BOI ANGUS BLACK.....4,75

5.- HAMBURGUESA VEXETAL.....4,25

6.- PARRILLADA DE VERDURAS e ali oli de aguacate.....5

7.- CABACIÑOS RECHEOS e salsa de iogur.....5

8.- RAXO "ALONGOS" con pementos e patacas.....7,5

9.- TÁBOA DO CAMIÑO.....10

10.- PAN CATETO CON XAMÓN.....5

11.- MONTADIÑO DE QUEIXO SAN SIMÓN E PULPO.....6

12.- MONTADIÑO VEXETAL E QUEIXO ARZÚA ULLOA.....6

13.- MAR E MONTAÑA DE PULPO E ORELLA.....10

14.- TORTILLA DE PATACAS E CEBOLA (para 4 persoas) con aceite de oliva virxe extra.....12

15.- ZAMBURIÑAS Á GRELLA Ración (por encargo).....10

16.- VIEIRAS "ALONGOS" Unidade (por encargo).....3,75

17.- PULPO Á FEIRA.....7,5

POSTRES CASEIROS:

Crema de chocolate.....2,5

Arroz con leite.....2,5

Biscoito.....1,4

Queixo con mel ou marmelo caseiro.....2,5

CHUPITOS DE LICORES CASA ALONGOS:

Augardente, herbas, café, crema de arroz con leite, crema de orujo.....1,2

INFUSIÓNS ECOLÓXICAS ALMA.....1,3

ZUMES ECOLÓXICOS DELIZIUM

1L.....2,5

33 cl.....1,4

ESPECIAL CARTA DE VIÑOS:

RIBEIRO, RIBEIRA SACRA, RÍAS BAIXAS, MONTERREI, RIOJA, RIBERA DEL DUERO, NAVARRA, VIÑOS DE AUTOR

Entr^oido^o 2016 COMARCA





ESTÉTICA E PERRUQUERÍA EN MELIDE



SARÓ
Peluquería & Spa

Eduardo Álvarez Carballido, 1 C Bajo
MELIDE (A Coruña)

Telf. 881 97 47 87
saropeluspa@gmail.com



SUSANA

Productos
de estética
y peluquería

R/ Progreso, 27
666 123 740



**GÓMEZ
Andón**

PELUQUERÍA MIXTA

Tíno.: 981 507 539 (cita previa)
C/. Eduardo Álvarez Carballido, 1 A-B
15800 MELIDE (A Coruña)
E-mail: gomezandon@hotmail.com



PILUCA
Perruquería

R/ Gaiteiros Os Garceiras, 3 - 1º B
Tífono: 981 50 59 39

MELIDE

Últimas tendencias, profesionalidade e bo prezo



2^{as}
gafas
GRATIS

al comprar tus mó
graduadas
con antirreflejante

77 €

PVP recomendado. Hasta el 31/10/2015 por la compra de unas gafas graduadas (montura mó + lentes) por 77€ con lentes graduadas monofocales orgánicas antirreflejantes Bestlayr 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a -4, llévate unas segundas gafas gratis mó con la misma graduación y lentes Bestlayr 1.5 AR. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

*Ronda de A Coruña, 20
15800 Melide
A Coruña*

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

O circo italiano do Pastor Barral enche de cor o Entroido de Melide

Sempre hai quen poña cor nunha xornada gris. Nun martes de Entroido chuvioso foi o Circo di l'Anpa quen máis luz lle deu ao día grande desta festa pagá en Melide. Quedou pequeno o escenario instalado no Pazo de Congressos para o espectáculo circense que despregou a Anpa do colexio Mestre Pastor Barral e que lle valeu o primeiro premio na categoría de comparsas do concurso de disfraces organizado polo Concello.

Pais, nais, fillos e fillas deron vida a un circo no que non faltaban leóns engaiolados, mimos, mulleres barbudas, trapevistas, lanzadores de coitelos, pitonisas e mesmo o home bala. A vistosidade e variedade dos disfraces, xunto cunha posta en escena teatralizada con protagonismo dos famosos Pallasos da tele, convenceron ao xurado á hora de outorgarlles os 1.000 euros do primeiro premio.

Pero o Circo di l'Anpa non foi o único que encheu de cor o Pazo de Congressos. Tamén o fixo o resto de concursantes, como os Furacroios, a versión local dos Picapedra que chegados de Visantoña obtiveron o segundo premio de comparsas. Na categoría de grupos triunfou unha vistosa recreación da Feira de Abril con moito atrezzo feito á man e tamén a coreografía duns adolescentes emoticonos de Whatsapp. Moi valorado na categoría individual, pola súa laboriosidade e perfección, foi o disface do Hobbit.

En conxunto repartíronse no concurso de disfraces 2.650 euros. A participación foi semellante á de anos anteriores.



Circo di l'Anpa, primeiro premio na categoría de comparsas



Os Furacroios, de Visantoña, segundo premio de comparsas



A Feira de Abril, primeiro premio na categoría de grupos



O Hobbit, 1º premio individual



Os emoticonos de Whatsapp, segundo premio de grupos

POLÍTICA LOCAL PARA COPLAS CON RETRANCA

“O Entroido deste ano é de familia honorable, máis o que queima ao Entroido trátaos a todos iguais. A fortuna que che ten foi de herencia de su padre, máis tamén axudou algo a familia de su madre. La madre que lo parió tamén debía ter algo, o resto foille vindo do traballo e de regalo. Empleou os fillos todos, mandou os cartos para fóra, aínda che tiña ben deles nese banco de Andorra”. Con esta presentación o meco do Entroido melidense comezaba a contar os minutos que lle quedaban para sucumbir ao lume encarnado na figura de Jordi Pujol.

Deu para falar da corrupción e da política catalá, pero foron os asuntos locais, con grandes cambios no último ano, os que máis chispa lle deron ás tradicionais coplas de Manolo Parrado. Mais non houbo que agardar a que el falara, pois o seu teloneiro, Amiguete, xa avanzaba un dos temas estrela; a marcha da ex alcaldesa Ánxeles Vázquez: *“E ascenderon á electa a xefa de Medio Rural, non che foi un gran destino pois a cousa lle anda mal. Menos mal que lle quitaron a consellería do mar, pois cos mariñeiros do cerco, podería afogar”.*

Como o asunto deu moito de si, completárono as coplas de Parrado: *“houbo cambios no Concello e empezaron pola punta, levaron a alcaldesa para traballar na Xunta. Metérona conselleira e puxérona no rural, como che foi labradora parece a cousa normal. Dixo na presentación que tiña moito cariño, para axudar aos labradores fáiselle longo o camiño. Xa escomezou con problemas para o sector gandeiro co asunto da canada e do caldeiro. O problema aínda dura e colle a todo o sector, e axuda aos gandeiros a presumir de tractor. Cando viñeron á vila cabreados e adoecidos, non tivo a delicadeza de salir a recibilos”.*



A crónica política non quedou aí; se marchou unha alcaldesa, elixiuse outra nova... e para ela tampouco faltaron as coplas: *“a alcaldesa que agora temos está-bache na rabeira, como os outros non che valen, pasárona de primeira. A rapaza aínda é nova, a rapaza non é mala, a rapaza fai carreira e seica se chama Dalia. Disque hai que falar da alcaldesa, da alcaldesa que hei falar? Obras non se fai ningunha, eu non sei que vou contar! Alcaldesa haberla haila, é coma o conto das meigas, pero non se ve na radio, tampouco se ve na prensa”.* E con tanto cambio político seica quedan incógnitas sen resolver: *“A rúa de San Antón parece unha avenida, en cambio a circulación solo está para unha ida. Han decir que a fixo Ánxeles, tamén a nova alcaldesa, ou construcciones Miguélez, cecáis a madre abadesa”.*

Non só as políticas locais e Jordi Pujol foron obxecto de retransca. Tamén Rita Barberá, Mariano Rajoy e a infanta Cristina, quen deu para facer a seguinte reflexión: *“disque a xusticia é para todos, para todos évos igual, para o que rouba un bocadillo, para o que rouba un bo caudal. Se roubas un bocadillo para comer, pois é normal, xa vas polo contencioso e xa o cagas no penal. Pero se roubas millós en comisiós e desvíos, empezan a investigar e sólo te meten en líos”.*

MANUEL GAREA GANA POR TERCEIRA VEZ O CONCURSO GASTRONÓMICO “XANTAR”



O cociñeiro melidense Manuel Ángel Garea proclamouse vencedor por terceiro ano consecutivo do Concurso Xantar Gourmet, organizado no marco do Salón Internacional de Gastronomía de Ourense.

No certame, que este ano estaba dedicado ao Entroido, participaron sete profesionais da cociña que presentaron outras tantas creacións nas que se valorou especialmente o emprego de produtos de calidade de

Galicia con Denominación de Orixe. Manuel Garea presentou un prato denominado “*Caña dourada, fusión de cocido*” ao que incorporou elementos culinarios de México, país invitado este ano ao salón, e que fusionou con ingredientes como o lacón, a tenreira e a pataca galegas, entre outros.

Garea anunciou trala vitoria que non se volverá a presentar ao concurso e que a partir do ano que vén pasará a formar parte do xurado.

FATIMA LEA AVANZA CON PASO FIRME CARA Á FINAL DO CONCURSO “RECANTOS”



Fátima Lea, representante de Galicia Centro no concurso *Recantos* do Luar, avanza con paso firme cara a final. Coa súa segunda actuación, o pasado 5 febreiro, a cantante melidense convenceu ao xurado e obtivo 30 puntos, a máxima cualificación posible, converténdose na primeira concursante desta edición en recibir un triplo 10. Sumados aos seis puntos que lle deu o voto telefónico da audiencia, Fátima Lea pasa a liderar a clasificación da

segunda fase de *Recantos*, na que quedan agora 12 concursantes.

A cantante de Melide interpretou o coñecido fado *María la portuguesa*. Malia ser a primeira vez que se atrevía con este estilo musical, defendeu a peza á perfección, algo que soubo valorar o xurado: “con esta actuación fixeche que me chegara o sentimento ata o último nervio”, dixo Tania Fuegho, “abrazáchesme coa túa voz, es unha artista enriba do escenario”.

PATRICIA LÓPEZ MARCA OBXECTIVOS DE FUTURO NO MUNDIAL DE ESGRIMA



Burgos acolleu o pasado mes de xaneiro a XVIII da Copa do Mundo Junior Feminina de Esgrima, onde se deron cita 129 tiradoras da elite internacional procedentes de 69 países. Alí estivo tamén a tiradora melidense Patricia López, única galega xunto con Beatriz Arregui que conseguiu clasificarse para participar no campionato.

López conseguiu superar a primeira rolda a pesar do alto nivel técnico esixido pero caeu na segunda

coa italiana Roberta Manzini, a número 3 do ranking mundial. Finalmente a tiradora de melide quedou no posto 123 da clasificación, o que para o seu adestrador, José Ayude, é unha posición “muy meritoria teniendo en cuenta su juventud y que era su primera prueba de este calibre”. Ayude asegura que a participación no mundial “nos sirvió para ver el nivel de las mejores y marcar objetivos de cara al próximo año”.

RUNEDIA ELIXE “OS 21 DO CAMIÑO” COMO A MELLOR MEDIA MARATÓN DE ESPAÑA



Erik Alonso

A media maratón “*Os 21 do Camiño*”, que dende hai tres anos organiza a Asociación Deportiva Cerne entre as localidades de Palas de Rei e Melide, foi escollida como a mellor proba de España da súa modalidade pola comunidade de Runedia.

Runedia é un dos principais calendarios de carreiras da Península Ibérica e unha das máis importantes webs de inscricións en España. O ano pasado xestionou 331 inscricións a

carreiras, cun total de 58.851 atletas inscritos. O ranking foi elaborado cos votos e cos comentarios de máis de 36.500 usuarios que valoraron aspectos como a organización da proba, o prezo, o ambiente existente, a calidade do percorrido e a dificultade ou os servizos ofrecidos. A puntuación que obtivo “*Os 21 do Camiño*” foi un 4,5 sobre 5. Por outra banda, a organización confirmou xa a data para a edición de 2016: será o 25 de xuño.

Entróido 2016

MELIDE



No digas “cúidate”

Minia Varela, profesional autónoma

Acaba de salir de mi tienda una persona a la que como despedida digo “cúidate” y me tropiezo con esta frase: “no digas cúidate, es mejor yo te cuido”.

Me hizo pensar, en la coherencia entre la manera de hablar y el actuar. Las palabras a veces las vaciamos de contenido, son solo un “queda bien”. A propósito de esto reproduzco aquí algunos párrafos del artículo de P.Cabellos Llorente, al que hacía referencia, por si a ti también te hace reflexionar: **“Es una moda educada. Es una sugerencia amable por parte de quienes te quieren bien. Un detalle de buen decir. Pero es una trampa. ¿No sería más afectuoso decir yo te cuido, te cuidamos, te acompaño al médico, te quito tal faena mientras descansas un poco? Pero no: lo que se lleva es el “cúidate”. Cuidamos el medio ambiente, evitamos el calentamiento del planeta, atendemos a los animales y plantas, preservamos nuestra casa del viento sucio..., pero tú: cúidate. Tú mismo. Y nos quedamos mejor que bien, porque hemos practicado la cortesía al hablar o es-**

cribir a quien presuntamente queremos bien.

La Creación es el fundamento de la unidad de naturaleza, que nos iguala a todos en idéntica dignidad. Se puede añadir que negada la naturaleza común queda refutada la igualdad radical de todos, que no depende de ninguna ley, sino que es algo inscrito en nuestro ser.

La grandeza de la humanidad está determinada esencialmente por su relación con el sufrimiento y con el que sufre. Ahí no cabe el “cúidate”. Cuando empatizamos con los demás, cuando nos hacemos cargo de sus cargas, de sus gozos y tristezas, de su salud y dolores, de sus miserias y grandezas, de sus necesidades de todo tipo, estamos llamados, impulsados, compelidos a poner por obra, ese “yo te cuido”.

Se puede decir que, cada vez más, vivimos encerrados en nosotros mismos, alimentando solo nuestro ego, que nos imposibilita ver las necesidades ajenas. Sin darnos cuenta que todo lo que afecta a los otros, no es ajeno a uno mismo. Por eso no tiene sentido lo que he dicho al principio –el “cúidate”– por incoherente.

Imos de tapas a Melide?

Xosé Núñez López, escritor



O mesón El Ventorrillo del Chato, onde Alfonso XIII pediu unha tapa, aínda existe na actualidade

Lendo nunha revista atopei entre outras anécdotas a que conta como foi a orixe de chamarlle “tapa” ao que nos poñen cando imos de viños, ou ao que temos que pedir que nos poñan no caso de que se “esquezan” de dárnola.

Nesa lectura atópome coa nova de que, parece ser, foi o rei Alfonso XIII o inventor do nome de “tapas”. Durante unha viaxe a Cádiz o monarca parou nunha taberna denominada “El Ventorrillo del Chato”, moi cerca da praia, e pediu unha copa de viño de Xerez. No intre en que ían servírllo, entrou unha co-

rrente de aire no bar e o camarero, para evitar que caesen areas dentro do viño, puxo unha rebanda de xamón sobre o vaso. Cando se presentou ante o rei co vaso e a rebanda tapando o viño, este preguntoulle estrañado para que o poñía así. O xoven camareiro contestoulle que se trataba dunha “tapa” para que non entrara area na bebida.

Dise que a Alfonso XIII lle encantou a idea e seguidamente comeu a rebanda de xamón, e cando acabou de beber o viño pediulle outro, e esta vez con “tapa”. Tamén se conta que durante unha co-

mida oficial ofrecida por dito monarca houbo un invitado que, cando veu o recipiente de cristal con auga chamado “bol” (que normalmente se pon nas mariscadas para enxaugar os dedos sen ter que levantarse da mesa e ir ao servizo), bebeu a auga, deixando abraídos a todos os comensais.

Alfonso XIII, “nin curto nin preguizoso”, colleu o seu bol e bebeu toda a auga dun só trago. Entón o resto dos convidados, sen dicir nada, decidiron seguir o xesto do rei e beberon todos a auga, que non era para beber.

Cobras de río e outros mesteres

Xavier Pazo, presidente da Asoc. de Troiteiros “Río Furelos”

Cando xa estamos ás portas dunha nova tempada de pesca (comeza o 20 de marzo), comezan a proliferar un ano máis por toda a comarca da Terra de Melide comentarios e faladorías de todo o que ten que ver co peixe, coa pesca, cos cotos e coa Asociación de Troiteiros “Río Furelos”.

A tenor disto, parece lóxico pensar que esta actividade goza de moi boa saúde, unha saúde envexable, e que a abundancia de recursos piscícolas anima a fomentar numerosos actos lúdicos arredor do río. Unha proba son as actividades que leva a cabo a Asociación de Troiteiros “Río Furelos”, sempre buscando o

mellor para o río, sempre na súa defensa e conservación, sempre dando a cara.

Sabedores somos de que isto non é así, e preguntámonos o porqué. Non será que existe unha visión distorsionada do que en realidade somos, e que se nos cre un colectivo cunha gran capacidade de arrastre social? Ou será que verdadeiramente os pescadores da Terra de Melide temos unha gran forza e poñemos nerviosos a moitos e por elo se nos mima e adula, dándonos festas e comidas para entreternos? Cal será a verdade, cal a realidade? Pensen vostedes o que queiran sobre cal é a nosa situación e terán a

resposta correcta.

Coa chegada da tempada e quizás como consecuencia do tempo, do cambio climático, espertan tamén as cobras, e no medio delas tamén está a máis famosa de todas: a cobra da rata, un estraño réptil do que todo o mundo fala e que ninguén ve, que en ocasións fai notar a súa presenza e noutras non.

Unha asociación flor dun día, dicían uns? Será unha cobra de verán, dicían outros? Non o sabemos a ciencia certa, non sería en calquera caso mala idea, aínda que cando ese réptil saíu do seu letargo, xa nós estábamos preparados. Nesta asociación facemos cou-



sas, traballamos para todos, non facemos comentarios nin falamos mal doutros. Temos vocación de facer ben e os seus dirixentes, a Xunta Directiva e voluntarios, nunca cobraron nada. E NADA é NADA, así en grande para que quede claro.

E aínda que seguimos pensando que o lugar non é o adecuado para moitos, non imos abandonar, non imos deixar que por faladorías e malas prácticas duns poucos saian prexudicados moitos e o río Furelos.

MAR FIUZA SOBRADO, AUTOS MAR

“Kia é unha boa opción pola tecnoloxía, o deseño e os sete anos de garantía”

Autos Mar, negocio dedicado á venda e reparación de vehículos, inicia unha nova etapa. Faino converténdose en punto oficial de venda de Kia, unha marca con crecente implantación no mercado español cuxos vehículos xa están a disposición dos clientes dende o pasado mes de xaneiro

nas instalacións que Autos Mar ten no melidense polígono da Madanela. A recente aposta por esta firma vén acompañada tamén polo reforzamento das liñas de negocio tradicionais: a venda de coches de ocasión “garantidos” e un servizo de reparación que ofrece “confianza e profesionalidade”.

- Hai doce anos que Autos Mar comezou a funcionar en Melide. Agora o negocio afronta unha nova etapa. Cales foron os cambios que introduciron?

-Mar Fiuza (M.F.): A novidade máis importante é que dende principios de ano somos punto de venda de vehículos da marca Kia. Inicialmente vendiamos coches de Citroën, marca da que fomos servizo oficial. Seguimos colaborando estreitamente con eles e agora, en xaneiro de 2016, comezamos con Kia. A nosa intención é introducir esta firma na comarca e cubrir un oco que existía no sector.

- Por que apostaron por Kia e non por outra marca?

-M.F.: Estivemos barallando varias opcións e decantámonos por Kia pola confianza que nos ofrece polos sete anos de garantía en turismos, monovolumes e todoterreos. Ademais, toda esta zona estaba descuberta: se querías mercar un Kia tiñas que desprazarte á Coruña, Lugo ou Santiago. Pareceunos unha boa opción poder ofrecer dende aquí a posibilidade e que a xente descubrixa unha marca nova cun deseño e unha tecnoloxía moi interesantes. Ademais, outra cuestión moi importante para nós é que esta marca ofrece nos seus vehículos sete anos de garantía.

- Traballarán tamén con Kia no referido aos recambios?

-M.F.: Si, os recambios que temos sempre son da marca coa que traballamos. Seguimos tendo os de Citroën e agora teremos tamén de Kia.



Mar Fiuza, responsable do punto de venda de Kia en Melide e comarca

Ao ser unha marca coreana moita xente sentía inicialmente algo de desconfianza pola demora das pezas. Agora non hai ningún problema nese aspecto porque xa hai fábricas en Europa. A nivel de pezas, como con calquera outra marca, podemos telas no taller no mesmo día. Non é unha marca difícil de acceder.

- Ademais dos vehículos novos de Kia, seguen vendendo coches de ocasión?

-M.F.: Si. Temos un catálogo na nosa páxina web que estamos actualizando e todo o que non estea aí intentamos buscarlo para adaptarnos ás necesidades do cliente. En coches de ocasión traballamos todas as marcas e damos un ano de garantía. Calquera vehículo de ocasión que saia de aquí é revisado por nós en todos os aspectos antes de entregalo.

Cando a xente merca un vehículo deste tipo normalmente sente certo recelo de como estea. Eu creo que o realmente importante é que nós respondamos polos vehículos que entregamos.

- Que destacaría da terceira parte do negocio; o taller de reparación?

-M.F.: Destacaría a profesionalidade da xente que traballan nel, persoas cualificadas e con ampla experiencia en calquera reparación de todas as marcas. Eles son a mellor baza da empresa porque garanten a confianza e a seguridade que demandan os clientes. Para nós tres valores fundamentais son a confianza, a profesionalidade e a honestidade no traballo.

- O plan PIVE foi un salvavidas para o sector?

-M.F.: Si, axudou moito. Foi útil sobre todo para esas persoas que tiñan coches moi antigos. Esperamos que se manteña e que a xente se siga animando a cambiar os coches, xa non só por cuestión de imaxe, senón tamén de seguridade. Cun vehículo de 12 ou 13 anos normalmente a seguridade vaíse esquecendo e só interesa pasar a ITV, pero é un aspecto que non se debe descoidar.

- Cal é a vida útil dun vehículo?

-M.F.: É complexo de dicir. Se o vehículo está ben coidado, se lle fas os mantementos e te preocupas de levalo ao taller cando lle corresponde, pode ser moi larga. O problema non está nos anos nin nos quilómetros que teña. A vida útil depende do que cada un se preocupe

“Mantemos a venda de coches de ocasión, cun ano de garantía e revisados por nós totalmente”

“Centrámonos sobre todo na seguridade, para que o condutor poida saír do taller tranquilo”

de coidalo.

- Como chegou vostede ao mundo do motor?

-M.F.: Por cuestións familiares. Meu pai, José Fiuza, dedicouse ao mundo do motor dende sempre. É un traballador nato e un gran profesional recoñecido dentro do sector. No ano 2002 decidiu crear unha marca que fose competencia da que el xa tiña e foi cando empezamos con Citroën en Melide. Eu estiven no inicio, logo tiveron que marchar e retomeino no 2009. Os inicios foron difíciles, pero ese tempo xa pasou; agora estamos nunha etapa nova.

Autos Mar

Tlf: 981 815 336
Polígono da Madanela

mercamelide

PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE MELIDE
XVII FEIRA DE OPORTUNIDADES

20^E
21

FEBREIRO
2016

11:00 H.
A
20:00 H.

SORTEO
DE 4 VALES
DE COMPRA.
UN POR
VALOR DE
500 €

DESCONTOS...
PRIMEIRAS
CALIDADES...
PREZOS
REDUCIDOS...

ÁREA
DE XOGOS
INFANTÍS.

ACTIVIDADES
PARA OS MÁIS
PEQUENOS.
(SÁBADO POLA
TARDE).

DEGUSTACIÓN
DE ROSQUILLAS
DA SARTÉN E
CHOCOLATE QUENTE
COAS TUAS
COMPRAS.

